

SUBVENCIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS CONCEDIDAS POLA UDC 2018

Vicerreitoría	Convocatoria (link)	Obxecto	Destinatarios	Importe
Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade	I Premio UDC Sustentabilidade a traballos Fin de Grao e Mestrado 2018	Contribuír ao recoñecemento e potenciamento daqueles estudos e traballos que contribúen a un mellor coñecemento e á adopción de medidas e prácticas de sustentabilidade no ámbito do campus e os centros universitarios, en particular, e ao desenvolvemento sustentable no ámbito galego ou ao coñecemento e sensibilización dos problemas ecolóxicos globais e a educación ambiental.	Estudantes da UDC que defenderon os TFG e TFM nos anos 2017 e 2018	2.400 €
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Convocatoria de Axudas a Programas de Actividades Estudiantís 2018	Estimular e incrementar as actividades realizadas polo estudiantado nos ámbitos científico, deportivo e cultural co obxectivo de fomentar hábitos participativos e de difusión do coñecemento da institución universitaria.	Asociacións de estudantes da UDC inscritas no Rexistro de Asociacións de Estudantes da UDC.	30.000,00 €
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da UDC	Formación teórica e práctica do estudiantado matriculado nun centro propio da UDC en estudos conducentes á obtención dun título oficial, mediante a realización de actividades de colaboración en diferentes áreas de interese formativo (131 bolsas).	Estudantes de grao matriculados en estudos oficiais dos centros propios da UDC cun mínimo de 30 créditos superados e ao corrente do pagamento das taxas universitarias.	293.982,34 €
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Bolsas de colaboración en formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros propios	Favorecer a formación complementaria do estudiantado, matriculado nun centro propio da UDC, desenvolvendo a súa formación teórica e práctica de apoio aos departamentos.	Estudantes de grao matriculados en estudos oficiais dos centros propios da UDC cun mínimo de 30 créditos superados e ao corrente do pagamento das taxas universitarias.	116.695,28 €
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Prazas para o estudiantado da UDC nas residencias públicas universitarias dos Campus de Ferrol e A Coruña	Convocatorias de prazas de aloxamento nas residencias públicas universitarias dos Campus de Ferrol e A Coruña para o curso académico 2018-2019.	Estudantes da UDC matriculados a tempo completo que vaia a desenvolver a súa actividade académica nos Campus de Ferrol ou A Coruña	
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Axudas da UDC para deportistas universitarios de alto nivel	Apoio e recompensa o traballo daqueles deportistas que conseguen importantes resultados compaginando os seus estudos universitarios nalgún centro propio da UDC.	Estudantes matriculados na UDC nun mínimo de 60 créditos en estudos de grao ou mestrado no curso 18/19	6.000,00 €
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Axudas da UDC para o estudiantado en situación de dificultade económica	Sufragar os prezos de matrícula a aqueles estudantes que se encontran nunha situación de dificultade económica imprevista.	Estudantes matriculados en estudos universitarios oficiais conducentes á obtención dos títulos de Grao, Mestrado ou Doutoramento.	30.000,00 €
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Bolsas de renovación e nova adxudicación para estudos de másteres universitarios oficiais na UDC	a) Nova adxudicación: financiar os prezos públicos da matrícula de 60 créditos en primeira matrícula e máis un fixo de 250 € b)Renovación: contemplan os prezos públicos consonte ao número de créditos matriculados e máis un fixo de 4,2 € por crédito matriculado.	Estudantes de mestrado oficial da UDC matriculados nun mínimo de 60 créditos ECTS, e ter aboados os prezos correspondentes.	100.000,00 €
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	Bolsas de carácter xeral do plan propio destinadas ao aloxamento dos estudantes	Bolsas públicas co obxecto de promover a igualdade de oportunidades no ámbito da educación universitaria, así como mellorar a captación do alumnado con cargo aos seus fondos propios.	Estudiantado matriculado en réxime presencial no curso académico 18/19 na UDC en estudos conducentes a un título oficial de Grao, Mestrado ou Doutoramento e con necesidade de residencia fóra do domicilio familiar durante todo o curso.	114.750,00 €
Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente	Premios extraordinarios de arquitectura, enxeñaría e grao	Premiar o estudiantado con mellores expedientes das titulacións de Arquitectura, Enxeñaría e Grao da UDC (cofinanciado polo Banco Santander)	Alumnado da UDC	55000+ exención dos prezos públicos pola expedición do título

Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente	Axudas para estadias predoutorais Inditex-UDC 2018	Facilitar a doutorandos/as da UDC a estadia en centros de investigación no estranxeiro para complementar os seus estudos de doutoramento, de modo que poidan optar á mención internacional na súa tese de doutoramento (cofinanciadas por Inditex).	Alumnado da UDC	122.830,20
Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia	Programa InTalent	Programa de captación de talento investigador.	Investigadores postdoctorales con proxección e ampla traxectoria internacional	1.450.000 €(de 2016 a 2021)
Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia	Convocatoria de avaliación plurianual dos grupos, unidades e investigadores/as do catálogo da UDC	Apoio ao desenvolvemento de liñas de investigación dos diferentes grupos e unidades da UDC.	Grupos, unidades e investigadores individuais de alta no Catálogo de investigación da UDC.	800.000 €
Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia	Axudas á investigación 2018	Axudas a diversas accións vinculadas á investigación (organización de congresos, encontros e xornadas), estadias postdoutorais...	PDI en servizo activo de alta no Catálogo de Investigación	135.000 €
Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social	Convocatoria de bolsas 2018/2019 para estudantes con necesidades educativas especiais	Promoción e apoio ao estudo para alumnado con necesidades educativas especiais (minusvalía).	Alumnado da UDC	21.540,00 €
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	Axudas á internacionalización 2018	Fortalecer a dimensión internacional da UDC.	PDI - PAS UDC	34.000,00 €
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	Programa de Profesorado Visitante de Países procedentes de fala inglesa	Iniciativa de la UDC dentro de las políticas de desarrollo y refuerzo de la utilización de la lengua inglesa en la enseñanza universitaria.	Persoal alleo	20.000,00 €
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	Convocatoria de Bolsas para mellorar as competencias lingüísticas do estudiantado da UDC	Mellorar as competencias lingüísticas do estudiantado da UDC.	Estudantes UDC	25.000,00 €
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	Convocatoria de Bolsas para mellorar as competencias lingüísticas do PDI	Mellorar as competencias lingüísticas do PDI.	PDI UDC	25.000,00 €
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	Programa de mentorización de estudantes entrantes con necesidades lingüísticas	Apoiar e orientar o estudiantado estranxeiro na súa estadia na UDC e facilitar a súa integración na comunidade universitaria e na vida da cidade.	Estudantes estranxeiros entrantes	12.800,00 €
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	Convocatoria de mobilidade internacional de estudos (a parte correspondente a mobilidades bilaterais)	Realización de estadias con fins de estudos no estranxeiro cuxos resultados académicos son obxecto de pleno recoñecemento.	Estudantes UDC	75.000,00 €
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	Concurso UDC Erasmus Ambassador	Ensalzar as experiencias que lles proporcionan as estadias Erasmus aos estudantes da UDC que participaron en edicións anteriores ou van participar proximamente.	Estudantes UDC	1.845,00 €
Secretaría xeral	Axudas á investigación en lingua galega	Promover o emprego da lingua galega nos traballos de investigación, como parte da súa meta xeral de propiciar que o galego sexa o idioma habitual de comunicación e de traballo da comunidade universitaria.	O alumnado da UDC que defenda en lingua galega a tese de doutoramento, o traballo de fin de mestrado, o traballo de fin de grao ou o proxecto de fin de carreira.	14.000 €
Secretaría xeral	XV Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras	Desenvolver iniciativas innovadoras, relacionadas coa planificación e a normalización lingüística, creadas por persoas e/ou grupos que pertencen ao ámbito universitario e promover a reflexión e a implicación da comunidade universitaria galega a respecto da situación da nosa lingua dentro das súas institucións e no contorno en que se desenvolven as súas actividades.	O concurso está dirixido a todos os membros da comunidade universitaria galega (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).	2.000 €
Secretaría xeral	Premio ao mellor Traballo Fin de Grao de temática galega	Promover o emprego da lingua galega nos traballos audiovisuais do alumnado de Ciencias da Comunicación.	Alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación.	250 €
Secretaría xeral	VIII Premio Lois Tobío de investigación xurídica en lingua galega	Incentivar a realización de traballos de investigación xurídica en lingua galega por parte de estudantes e licenciados/as ou graduados/as en Dereito, contribuíndo deste xeito a promover o noso idioma.	Alumnado da Facultade de Dereito e licenciados/as ou graduados/as en Dereito das tres universidades galegas.	1.000 €